



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 9 DE

XUÑO DE 2014

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día nove de xuño de dous mil catorce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Non asisten e presentan escusa dona María Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre e dona Marta María Vázquez Golpe.

Actúa como secretaria dona M^a del Juncal Capín Fonseca, auxiliar administrativa do Departamento de Secretaría, por delegación da secretaria accidental da Corporación, dona M^a Fernanda Montero Carré.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.- Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 2 de xuño de 2014

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros asistentes á sesión, acordou deixar o borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 2 de xuño de 2014 sobre a mesa para a súa aprobación na vindeira sesión.

2º.- Correspondencia

- Orde do 30 de maio de 2014, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras de RISGA, e se aproba a convocatoria para o ano 2014. (Diario Oficial de Galicia número 104, do día 3 de xuño de 2014).

- Orde do 21 de maio de 2014, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos á contratación das persoas

traballadoras, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014. (Diario Oficial de Galicia número 105, do día 4 de xuño de 2014).

- Escrito do Servizo de Contratación da Deputación Provincial da Coruña no que se notifica a resolución núm. 2014/9655, de data 3 de xuño de 2014, pola que se aproba a prórroga da vixencia do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña, o Concello de Cambre e a Cruz Vermella Española para financiar as obras de acondicionamento do local cedido polo Concello de Cambre para actividades da Cruz Vermella no municipio, ata o 31 de outubro de 2014, debendo polo tanto presentar a xustificación antes do 31 de xullo de 2014.

3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

Informes do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado

Don Fernando Caride Suárez informa que están a punto de completar o aforo previsto para os campamentos de verán apenas unha semana despois de abrir os prazos de inscrición.

Así mesmo informa que tamén houbo unha gran número de solicitudes para o curso de manipulación de alimentos que se vai desenvolver na Casa da Xuventude, dentro do programa Trans-fórmate. Estaban previstas unhas 20 prazas e o número de solicitudes superou as 70, polo que van desenvolver un curso a maiores para intentar cubrir a maior parte desa demanda.

Outro dos cursos ofertados que completou o aforo previsto foi o de iniciación ao mergullo.

Por outra parte, informa que o pasado sábado día 7, no pavillón municipal Sofía Toro, tivo lugar unha exhibición de judo con motivo da entrega dos novos graos, con gran afluencia de público.

Finalmente, informa que o vindeiro sábado día 14, ás 12:00 horas, terá lugar o acto oficial de designación do pavillón polideportivo municipal de Brexo-Lema co nome "Bernardo Bish Lorenzo". Na propia instalación haberá unha exposición fotográfica da traxectoria de Bernardo.

Informes da concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente

Dona Rocío Vila Díaz informa que o pasado día 5 de xuño celebrouse o Día Mundial do Medio Ambiente. O Concello de Cambre participou colaborando co Instituto Afonso X O



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Sabio, da Barcala, que levou a cabo o 8º concurso de fotografía chamado “Caprichos da natureza”. Houbo unha importante asistencia ao acto porque, como sempre, é un acto que ten gran acollida entre os rapaces.

Así mesmo, e tamén con motivo da celebración do Día Mundial do Medio Ambiente, o Concello celebrou o día 7, na casa da cultura, unha xornada de información sobre a proliferación e impacto das especies vexetais exóticas invasoras, centrándose especialmente na coñecida popularmente como “herba da pampa”.

Di que incluso fixeron unha demostración práctica nun terreo lindeiro a Vila Concepción. Os expertos explicáronlles que dado o estado de crecemento das plantas era mellor non facer nada coas plantas adultas, e que o mellor era levar a cabo tarefas de prevención eliminando os novos brotes.

Tamén se fixo un díptico onde se explica como erradicar este tipo de especies. Ese díptico estará a disposición dos veciños nos locais municipais, así como na páxina web do concello.

Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa que mañá está previsto seguir coa obra de pavimentación en Penouviña, un traballo que deixaron pendente para que o terreo asentara adecuadamente.

Tamén está previsto comezar coa roza das gabias e camiños municipais. Agardan que a empresa traia mañá a documentación que lle falta.

Así mesmo, informa que a semana pasada estiveron arranxando pequenas deficiencias que había na praza diante do concello, algúns temas de arquetas e demais, que xa remataron.

Finalmente, informa que se eliminou o horario de apagado da iluminación municipal que se estaba levando a cabo entre as 00:00 horas e 06:00 horas da mañá, e as luces permanecerán acendidas toda a noite. Explica que xa se fixo así o ano pasado, e iso é así porque chegadas estas datas existe moito máis movemento nocturno, tanto de vehículos como de veciños, e faise máis necesaria esta iluminación.

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Ríos Rama informa que o pasado sábado tivo lugar no Campo da Feira a festa da xuventude do Sporting Cambre, que se desenvolveu sen problemas e con bastante afluencia de público no horario de tarde.

A seguir informa que o mércores día 11 farase entrega nas bibliotecas municipais dos Premios Supermoucho.

Ese mesmo día 11 está previsto celebrar unha reunión coas asociacións no salón de plenos, na que estarán representantes municipais dos departamentos de Urbanismo e de Emprego, co fin de tratar o tema das festas e das consecuencias que sobre a súa organización ten a entrada en vigor da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

Tamén informa que o próximo venres 13 comeza a exposición de pintura de Luciana Manteiga, na sala de exposicións da biblioteca central, que permanecerá aberta ata o vindeiro 27 de xuño de 2014.

Para rematar, don Santiago Manuel Ríos Rama informa que o sábado 14 de xuño, ás 19:00 horas, no anfiteatro do Parque da Igrexa terá lugar a actuación dos Tres Tenedores, co espectáculo "Ensalada de instrumentos", dirixido a toda a familia.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as dez horas e corenta minutos, do que eu, secretaria por delegación, certifico.

O presidente

A secretaria por delegación



Manuel Rivas Caridad



M^{ra} del Juncal Capín Fonseca